



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Paula Ares Otero, Secretaria-Interventora do Concello de Lousame (A Coruña) do que é Alcalde don Esteban Ares García

CERTIFICA: Que o **Pleno Corporativo**, na **sesión extraordinaria e urxente** que tivo lugar o día **4 de febreiro do 2026**, adoptou o seguinte **acordo**, que se transcribe dun xeito literal, salvo erro ou omisión involuntarias:

4.- CREACIÓN DA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL “ZERNADAS DE CASTRO”

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo:

1

O Concello de Lousame, órgano competente para a adopción deste acordo, segundo as competencias outorgadas pola lexislación vixente en materia de réxime local, e segundo os seguintes antecedentes administrativos e fundamentación xurídica:

Antecedentes Administrativos:

Primeiro: O Concello de Lousame decide postular, por terceira vez, a Zernadas de Castro como homenaxeado das Letras Galegas no ano 2027 co gallo dos 250 anos do seu pasamento, e a tal efecto encargou ao Departamento de Cultura que deseñase e propuxese as actividades necesarias para acadar esta finalidade.

Segundo: Dentro desas actividades atópase a de establecer de forma institucional como “Día de Zernadas de Castro” o 18 de marzo (data do seu nacemento), de xeito que esta actividade se una á programación que se deseñe para promover a candidatura de Zernadas de Castro no ano 2027 ante a Real Academia Galega. O Pleno Corporativo, na sesión ordinaria do día 29/01/2026 acordou homenaxear á figura de Zernadas de Castro establecendo, de forma institucional, como “Día de Zernadas de Castro” o 18 de marzo, data do seu nacemento.

Terceiro: Do mesmo xeito, como un paso máis para acadar o obxectivo de que Zernadas de Castro sexa a figura homenaxeada das Letras Galegas no ano 2027, o Concello de Lousame decide fixar como Festivo Local do vindeiro ano, o “Día de Zernadas de Castro”, 18 de marzo.

Cuarto: Sen embargo, a consecución deste obxectivo é complexa, e esixe un esforzo de toda a Corporación, para texer unha rede que permita presentar unha candidatura solvente ante a Real Academia Galega. Así, coa intención de que todos os Grupos Políticos Municipais poidan estudar, informar, aportar ideas e ditaminar un asunto tan complexo, considérase oportuno crear una Comisión Informativa Especial denominada “Zernadas de Castro”.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Lexislación Aplicable:

1. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
2. Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA)
3. Regulamento Orgánico Municipal, BOP núm. 294 do 22.12.2007 (ROM)
4. Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)

Fundamentación xurídica:

O artigo 20.1.c) da LRBRL sinala que nos municipios de menos de 5.000 habitantes, se así o dispón o seu ROM ou o acorda o Pleno, existirán órganos que teñan por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que deban ser sometidos á decisión do Pleno, así como o seguimento da xestión da Alcaldía, a Xunta de Goberno Local e os concelleiros que ostenten delegacións, sen prexuízo das competencias de control que lle corresponden ao Pleno. Todos os grupos políticos integrantes da Corporación terán dereito a participar en ditos órganos, mediante a presenza de concelleiros pertencentes aos mesmos, en proporción ao número de concelleiros que teñan no Pleno.

O artigo 124 do ROF establece que as Comisións Informativas poden ser permanentes ou especiais. As primeiras son as que se constitúen con carácter xeral, distribuíndo entre elas as materias que deben someterse a coñecemento do Pleno. As Comisións Informativas Especiais son aquelas que se constitúen para un asunto concreto, e se extinguen unha vez ditaminado ou informado o dito asunto; salvo que no acordo plenario se dispoña outra cousa.

O artigo 11.1.e) do ROM sinala que os órganos básicos do Concello de Lousame son as Comisións Informativas Permanentes, a Comisión Especial de Contas e que o Pleno poderá crear Comisións Informativas Especiais.

Á vista do anterior, o Pleno Corporativo **ACORDA:**

Primeiro. Constituír a seguinte Comisión Informativa Especial:

→ **Comisión Informativa Especial Zernadas de Castro**

Esta Comisión Informativa Especial terá coma función o estudo, informe, consulta e ditame de calquera acordo relacionado coa presentación oficial da candidatura de Zernadas de Castro, para o ano 2027, ante a Real Academia Galega.

A súa extinción producirase de xeito automático, unha vez que a Real Academia Galega elixa oficialmente á persoa que será homenaxeada no ano 2027; celebrándose unha última sesión cuxo obxecto será a aprobación das actas anteriores.

Segundo. A composición desta Comisión Informativa Especial será a seguinte:

- Presidencia: O Alcalde (Partido Popular)
- 3 representantes do Partido Popular.
- 2 representantes do PSdG-PSOE.
- 1 representante do BNG (Grupo Mixto)



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A adscrición concreta a esta comisión, dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo político, realizarase mediante escrito do voceiro do grupo político dirixido a Alcaldía e do que se dará conta ao Pleno Corporativo. Poderá designarse, de igual xeito, os suplentes de cada titular.

O Alcalde é o presidente nata desta Comisión Informativa; sen embargo, a presidencia efectiva da Comisión poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión Informativa, trala correspondente elección efectuada no seu seno.

Terceiro. A Comisión Informativa Especial realizará reunións ordinarias con periodicidade mensual, sempre e cando existan asuntos que se deban estudar, informar ou ditaminar. Ditas sesións ordinarias terán lugar no día e hora que estableza a Alcaldía da Corporación na convocatoria, tal e como preceptúa o artigo 134 do ROF.

Do mesmo xeito, poderán ter lugar sesións extraordinarias ou urxentes, cando existan asuntos que sexa preciso informar ou ditaminar. O seu funcionamento axustarase ao disposto no capítulo II do título IV do ROF (artigos 134 a 138)

Cuarto. Requirir aos diferentes grupos políticos municipais para que no prazo de cinco (5) días hábiles comuniquen o nome dos concelleiros/as que adscribirán a esta Comisión Informativa Especial e do suplente ou suplentes de cada un deles

3

Quinto. Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e sede electrónica municipal.

E para que así conste, e aos efectos oportunos, emítese o presente, co visto e praxe da Alcaldía, en Lousame na data da sinatura dixital

O Alcalde, Esteban Ares García

A Secretaria-Interventora, Paula Ares Otero